

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2019/14 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 19 de decembro de 2019 |
| Duración | Desde as 20:34 ata as 22:14 horas |
| Lugar | Salón de Plenos |
| Presidida por | María Dolores Castiñeira Alén |
| Secretaria | Berta Alonso Soto |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| Nome e Apelidos | Asiste |
|-------------------------------|---------------|
| Alejandro Rodríguez Canosa | SÍ |
| Ana Cristina Pérez Cabaleiro | SÍ |
| Joaquín Núñez Troncoso | SÍ |
| Lucía Pereira González | SÍ |
| María Dolores Castiñeira Alén | SÍ |
| Miguel González González | SÍ |
| Noelia Pérez Domínguez | SÍ |
| Primitivo González Souto | SÍ |
| Rubén González Coto | SÍ |
| Santiago Rodríguez Davila | SÍ |



| | |
|----------------------------|----|
| Verónica Tourón Domínguez | SÍ |
| Ángela Ledo Souto | SÍ |
| Ángela Valcárcel Bernárdez | SÍ |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Sra. Presidenta: Boas tardes noites, benvidos a este último pleno do ano 2019, pleno no que imos a estrear días, horarios e estreamos o recentemente aprobado regulamento orgánico municipal, a partires de xa os plenos pasaran a ser os xoves as 20:30 damos comezo a este pleno ordinario nº 14 do 2019.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas de sesións anteriores

Sra. Presidenta: O primeiro dos puntos aprobación das actas de sesións anteriores, tres plenos que se celebraron o 29 de setembro de 2019, no que se trouxo ao pleno a aprobación inicial do orzamento ademais da adhesión deste Concello á FEMP, o do 15 de Outubro de 2019 de sorteo das mesas electorais do 25 de Outubro de 2019 que se celebrou sen contido e onde debatemos a moción que trouxo o PP.

Acta número 10/2019, extraordinaria de 29 de setembro de 2019:

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Sra. Presidenta sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 10/2019, extraordinaria de 29 de setembro, sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/as Sres/as. Concelleiros/as Rodríguez Canosa, Pereira González, González González e Castiñeira Alén, de Movemento Salceda; Sres/as Ledo Souto, e González Coto de PSdeG-PSOE; Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, González Souto, Valcarcel Bernárdez e Pérez Domínguez do Partido Popular e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Concelleira Tourón Domínguez, por non asistir a sesión.

Acta número 11/2019, extraordinaria de 15 de outubro de 2019:

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Sra. Presidenta sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 11/2019, extraordinaria de 15 de outubro, sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/as Sres/as. Concelleiros/as Rodríguez Canosa, Pereira González, González González e Castiñeira Alén, de Movemento Salceda;

Sres/as Ledo Souto, e González Coto de PSdeG-PSOE; Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, González Souto, Valcarcel Bernárdez e Pérez Domínguez do Partido Popular e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Concelleira Tourón Domínguez, por non asistir a sesión.

Acta número 12/2019, ordinaria de 25 de outubro de 2019:

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Sra. Presidenta sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 12/2019, ordinaria de 25 de outubro, sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/as Sres/as. Concelleiros/as Rodríguez Canosa, Pereira González, González González e Castiñeira Alén, de Movemento Salceda; Sres/as Ledo Souto, e González Coto de PSdeG-PSOE; Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, González Souto, Valcarcel Bernárdez e Pérez Domínguez do Partido Popular e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Concelleira Tourón Domínguez, por non asistir a sesión.

Expediente 3117/2019. Mutación demanial obxectiva das escolas de Vendanova, Carballal (Picoña), Budiño e Revolta(Parderrubias)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Alcaldía que literalmente di:

“Visto que polo Pleno do Concello acordouse solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación das escolas que se enumeran a continuación, cualificadas coma bens de dominio público de propiedade municipal e destinadas a usos educativos; para destinalas a outros, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso e cesión a entidades sen ánimo de lucro.

- *Escola-vivenda de Vendanova, sita no lugar de Vendanova- San Xurxo. Autorización previa á desafectación outorgada por resolución do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recibida en data 21.03.2011 (Rex. Entrada núm. 1631).*

- *Escola-vivenda unitaria de Carballal, sita no lugar de Carballal2ª-Picoña. Autorización previa á desafectación outorgada por resolución do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, recibida en data 13.06.2014 (Rex. Entrada núm. 4046).*

- *Edificación norte da escola Infantil de Budiño do CRA Raíña Aragonta, sita no lugar de Regueiro – Budiño: Autorización previa á desafectación outorgada por resolución*



do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, recibida en data 13.11.2019 (Rex. Entrada núm. 2019-E-RC-5319).

- Escola infantil de Revolta, do CRA Raiña Aragonta. Autorización previa á desafectación outorgada por resolución do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, recibida en data 29.11.2019 (Rex. Entrada núm. 2019-E-RC-5650).

Visto que o Concello ten a necesidade de dedicar os sinalados inmobles a usos de carácter sociocultural, mediante as oportunas reformas, o cal é beneficioso para o interese público e da poboación, especialmente das asociacións veciñais e culturais das parroquias onde se atopan ubicados os inmobles.

Sendo necesario, por tanto, cambiar o destino público dos citados inmobile, para legalizar e normalizar a súa situación, o que significa iniciar un expediente de modificación no destino público do ben, na modalidade de mutación demanial interna ou obxectiva.

Visto o informe de Secretaría núm. 2019-0027 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial interna da escola-vivenda de Vendanova, escola-vivenda unitaria de Carballal, edificación norte da escola infantil de Budiño e escola infantil de Revolta para destinalas a usos de carácter sociocultural.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, por prazo dun mes, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte do mesmo que se acorde.

Se durante o prazo de información pública non se presentaron alegacións, o acordo entenderase como definitivo.”

Sra. Tourón Domínguez: Boas noites a todos/as o que vimos traendo neste punto é a afectación das catro escolas sitas en Vendanova (San Xurxo), a de Carballal en Picoña, a de Budiño e a última a da Revolta. Vista a necesidade das edificacións para usos asociativos de Asociacións e demais o que estamos é procedendo a afectación para un uso sociocultural ou sociocomunitario xenérico, isto non significa que o Concello vaia decidir unilateralmente, cal é o uso concreto senón que se terá en conta a veciñanza e ao tecido asociativo pero temos que dar este paso para proceder a

afectación, dou lectura a proposta seguinte:

Sra. Valcárcel Bernárdez: Boas tardes noites a todos, dende o grupo Popular como nas anteriores ocasións onde se aprobaron a desafectacións dos inmobles estamos de acordo en iniciar o expediente de modificación do uso destas vivendas. Segundo o goberno o seu uso vai ser sociocultural, pero con este expediente o goberno tamén nos demostra que durante estes anos non fixo o seu traballo, sempre xustifican os seus soldos polo traballo realizado, digo isto porque hai dúas vivendas que a desafectación xa foi aprobada pola Xunta de Galicia nos anos 2011 e 2014, no 2011 foi a de Vendanova e no 2014 a da Picoña e 8 anos e 4 anos máis tarde traemos ao pleno a modificación do cambio do uso. Durante estes anos, oito, houbo tempo suficiente para traer a modificación do uso desa vivenda e así xa a día de hoxe podelas ter rehabilitadas e dedicadas a tal fin e así a veciñanza e asociacións xa poderían facer uso delas. Como dixeches antes, de momento aínda non se sabe o uso que se lle vai dar, pero eu quería preguntar se tedes algunha idea de si vai ser algunha cesión para algunha asociación ou vai a ser uso do propio Concello? Para rematar so quero dicir que o voto do noso grupo vai a ser a favor como foi nas outras ocasións xa que nós tamén levábamos no noso programa electoral e a recuperación e posta en valor das casas dos Mestres.

Sra. Tourón Domínguez: A pregunta era se o van a utilizar Asociacións ou o Concello, como dixen antes o uso ao que se lle vai a destinar quitando a de San Xurxo que xa ten un uso definido porque se está a traballar (de feito traemos a segunda fase de reforma aquí) e as outras acabo de dicir que se falará co tecido asociativo das parroquias para definir quen o vai utilizar e como se vai utilizar. En canto a que non se fixera o traballo nestes últimos anos non vou ser eu quen defenda o que se fixo ou non en catro anos que non estiven de goberno pero si é verdade que tanto a escola de Vendanova (San Xurxo) como a de Picoña, a de Vendanova vai a ter uso agora por iso é importante facerlle a afectación neste momento e agora que se lle vai a dar uso a todas traemos o procedemento de afectación, habelo feito antes sen uso pois tampouco nos ía a solucionar nada.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas tardes a todos, dende o grupo municipal de Movemento Salceda estamos a favor desta afectación, simplemente aclarar que este é un trámite que se fai agora despois de recibir a desafectación das escolas de Budiño e da Revolta en Parderrubias. Respecto ao que di Ángela, como vemos a escola de San Xurxo si que se lle vai dar un uso como ben dixo Verónica, é un proxecto que non se fai en 15 días polo tanto non hai ningún inconveniente en ter os proxectos para estas vivendas e polo medio facer a afectación, de todos xeitos aproveitamos que viñeron estas dúas desafectacións a de Budiño e a de Revolta para afectar as catro escolas unitarias que por desgracia non están ocupadas, porque en moitos casos a Consellería de Educación da Xunta de Galicia non decide provir mestres e mestras para elas.

VOTACIÓN: Pola Sra. Sra. Presidenta sométese a votación proposta, esta resulta



aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes a sesión, adoptándose os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial interna da escola-vivenda de Vendanova, escola-vivenda unitaria de Carballal, edificación norte da escola infantil de Budiño e escola infantil de Revolta para destinalas a usos de carácter sociocultural.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, por prazo dun mes, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte do mesmo que se acorde.

Se durante o prazo de información pública non se presentaron alegacións, o acordo entenderase como definitivo.

Expediente 3708/2018. Aprobación do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Presidenta: Este expediente pasou o ditame da comisión informativa cos votos a favor do PSOE e Movemento Salceda, o PP decidiu absterse na comisión e agardamos que neste pleno si que teñan a ben apoiar este plan de Igualdade.

O plan de igualdade que é un documento político e non un documento xurídico que marca as directrices das políticas de igualdade a seguir nun Concello nunha Comunidade Autónoma nun país, neste caso que nos atinxe é un Concello. Para o cumprimento dos obxectivos do plan de igualdade son necesarias medidas, este plan integra 63 medidas, medidas que necesitan a implicación de todas as institucións e o compromiso firme por parte dos políticos de levalo adiante, para saber que e como facelo e avaliar o seu seguimento en todos estes catro anos que se desenrolará o noso plan.

Con este plan o que conseguimos é a existencia dun marco de referencia, é un documento contundente de máis de 100 páxinas onde se recollen 63 medidas, onde hai unha diagnose interna e externa e social onde hai unha serie de conclusións e un cronograma para facelas efectivas, un cronograma que esperamos seguir o máis fehacientemente posible para darlle cumprimento na súa totalidade a este plan.

O plan que está fundamentado en diferentes principios, eu enumero neste resumen, neste argumentario, a implicación política, dende hai máis dun ano vimos traballando neste plan, herdamos o traballo comezado pola concelleira de benestar anterior e

igualdade Teresa Pérez, que hoxe se encontra na sala e dámoslle continuidade, repito, nesta legislatura a formación, outro dos principios fundamentais a formación en igualdade para nós e básica, que o tecido educativo, sanitario a mocidade, as mulleres, os maiores sintan como propio este plan que traemos hoxe aquí, a participación e a transversalidade, a transversalidade de xénero en todo o equipo de goberno, témolo claro e é unha mostra precisamente que dende a alcaldía se desenrolen as políticas de igualdade e eu vou ser a responsable desa área, a Alcaldía fará que todos os eixos sexan transversais e se apliquen nas diferentes áreas do goberno.

Unha cuestión novidosa que trae este plan é que se recollen, como vos dicía antes, medidas de carácter interno, accións destinadas á mellora do funcionamento deste Concello, falamos de conciliación, falamos de fenda salarial entre homes e mulleres, falamos de medidas de carácter formativo, somos conscientes de que é un plan que ten traballo e que consideramos que é un plan ambicioso no aspecto que hai moi poucos concellos que o teñen, falamos do Concello de Granada, de Gijón, que contemplan non só o eido social senón tamén o eido interno. Ata o día de hoxe coñecemos os de A Coruña e de Betanzos, dende o Concello de Salceda o que pretendemos humildemente é ser un referente en políticas de igualdade e dende logo imos a traballar para que así sexa. Sinalar que algo do que estamos sumamente orgullosos é da participación non só de todas as forzas políticas do Partido Popular e o Partido Socialista, no seu momento na oposición formaron parte da columna vertebral deste plan, participaron nas reunións pero teño que destacar o agradecemento de todo o equipo de goberno ás organizacións sociais, culturais, deportivas, veciñais, de mulleres, de diversidade, educativas, ANPAS, directivas e persoas profesionais que participaron precisamente no que vos dicía, a columna vertebral deste plan, que é a toma de medidas e a aportación de proxectos para que sexa un plan realista, que é o que buscamos, de feito algunhas das medidas foron propostas directamente por estes colectivos que vos acabo de mencionar.

Unha das principais medidas será a creación do consello municipal das mulleres, un consello que pretendemos que sexa e queremos que sexa un referente da participación local, que as mulleres que formen parte dese consello nos trasladen non só ao Concello, senón a diversos organismos, as necesidades en materia de igualdade o noso referente, a nosa mesa de comunicación. Os sindicatos, os diferentes sindicatos e os delegados sindicais foron convidados a formar parte desta mesa coa que arrancou o plan e teño que dicir que tiveron a ben non presentarse, gústame ser clara, así como dixen que todas as organización políticas participaron recalcar que os sindicatos non quixeron formar parte deste plan de igualdade.

Este plan de igualdade tamén integra unha planificación estratéxica e operativa do Concello, con este plan xa houbo outro, creo que era con vixencia do 2008-2010. Con este segundo plan o Concello da cobertura as políticas de igualdade en canto a esixencia legislativa. Pretendemos que sexa un plan de recoñecemento, sobre todo de



visualización a muller, ten tres eidos, a economía de emprego, potenciar a profesionalización e a inserción laboral das mulleres de Salceda, outro eido é a vulnerabilidade como factor de risco, como sabedes si xa é complexo moitas veces ser muller canto máis muller discapacitada, muller cunha orientación sexual determinada, con condición de emigrante, cunha idade concreta.

Outro dos eixos para nós importantísimo é o combate da violencia de xénero, todo isto das medidas que vos falei antes teñen un calendario de implantación, o plan determina ás persoas destinatarias e as persoas responsables de cada unha das medidas que poremos en marcha e como vos dicía xa ao principio neste caso a responsabilidade recae sobre min, sobre a Alcaldía, que serei a responsable da área de igualdade, somos conscientes, e así o dixeran na comisión informativa, de que este plan podería ser moitísimo máis ambicioso, estou segura, pero pretendemos é que sexa sobre todo realista, un plan realista, temos un orzamento determinado, temos unas infraestruturas determinadas, uns edificios municipais determinados, polo tanto con ese contexto que inflúe neste plan o que pretendemos é que sexa un plan realista e tampouco pretendemos a felicitación de ninguén só pretendemos que todo o mundo, neste caso me dirixo ao Partido Popular, contribúa á posta en marcha deste plan, dende Salceda pensamos moitas veces globalmente aínda que actuamos localmente. Eu xa o dixen e llo pedín na comisión, creo que a igualdade nunca foi un problema, creo que nos enriquece a todos e estou segura que contaremos co o apoio do Partido Popular para entre todos levar este plan de igualdade entre homes e mulleres de Salceda de Caselas adiante. Quédannos catro anos e pretendemos que estas 63 medidas se cumpran na súa gran maioría.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos, sen lugar a dúbidas na actualidade o noso grupo concretamente un dos temas máis importantes e que máis nos interesa a nós e a consecución dunha igualdade entre homes e mulleres en xeral e sobre todo a erradicación da violencia de xénero en particular. A verdade é que estamos moi de acordo en que non podemos estar plenamente desenvolvidos se hai persoas que están convencidas de que as relacións persoais poden ser entendidas dende un prisma de superioridade por razóns expresamente de xénero, por iso, a política municipal debe ser unha das ferramentas que se empregue para erradicar este tipo de problema e debe empezarse polas administracións máis pequenas como son os Concellos e estenderse en niveis de superioridade.

Estamos moi de acordo en numerosas cuestión con este plan pero o documento tamén nos xera moitísimas dúbidas, unha delas é cando falades de que nos últimos anos houbo unha posta firme pola igualdade, non sei si vos referides á brecha salarial existente, evidente tanto en 2011 coma en 2015 ata o 2019, os soldos son os que son e hai unha diferenza entre os soldos de mulleres e de homes: 2011, alcalde 56.016,92 €, José Luis: 42.680 €, Teresa: 29.691 €, Marina: 29.691, Loli: 17.629€; 2015-2019, Alcalde: 55.853 €, José Luis: 40.825€, Teresa Pérez: 34.330, Dolores



Castiñeira: 27.835€ e Carla Pérez: 27.835€, casualidade ou non pero os homes teñen maior soldo tanto na lexislatura de 2011-2015 coma na lexislatura 2015-2019.

Supoño que tampouco vos referiades a unha igualdade real con expresións machistas utilizadas polo anterior Alcalde, expresións cara a Marina ou palabras cara a Verónica, aquí presente, as cales eu non vou repetir unha por respecto as persoas que aquí están, respecto como persoa e como muller e outra porque se me caería a cara de vergonza. Facer ese tipo de comentarios nun pleno municipal, tamén estou segura que si eses palabras as expresase algún membro do meu grupo, xa fose Santi, Joaquín ou Tivo, as reaccións non serían as mesmas estou completamente segura, porque por unha palabra que foi “Sra. Presidentas” chamástesnos machistas, como si ti non foses Sra. Presidenta neste momento Dolores Castiñeira e dentro de un ano e medio non fose a ser Verónica Tourón Sra. Presidenta, non entendo o comentario machista desta palabra, tamén vos digo que si en algún momento houberse unha expresión ou comentario machista por parte de algún membro do meu grupo estou segura que nin Noelia, nin Angela nin eu estaríamos caladas e sendo cómplices deses comentarios burdos e machistas.

Continuando co plan, dicir que para conseguir unha igualdade efectiva entre homes e mulleres hai que traballar tanto na política, no social, no educativo, no deportivo, no sanitario, niso estamos complemente de acordo, por iso quería facer unhas preguntas en canto ao plan que me parecen un pouco abstractas e xerais, como: A medida 1.6 na que fala de introducir a perspectiva de xénero na elaboración do PXOM, paréceme pouco preciso desenvolver unha nova planificación urbana con perspectiva de xénero e quero que me digades a que vos referides concretamente, igual que na medida 1.10 sobre licitacións públicas a empresas incluír como criterios de valoración para contratación de obras que o deseño se realice con perspectiva de xénero, pregunto si as empresas que se contrataron desde o Concello, seguen a perspectiva de xénero para realizar as obras, sobre todos porque hai unha serie de empresas que se adjudican a dedo, que traballan mes si e mes tamén e quero saber que tipo de perspectiva de xénero seguiu nas súas obras ou vai seguir, porque estou segura que van seguir traballando nas obras municipais deste Concello. En definitiva e para rematar, sen lugar a dúbidas a defensa do feminismo e de igualdade non debe ser adjudicado nin a dereita nin a esquerda debe ser un traballo colectivo e unha misión colectiva, traballando xuntos é como conseguiremos esta igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, por iso o noso voto, o voto do Partido Popular vai ser a favor deste II Plan de Igualdade. Evidentemente considero que hai que traballar moito neste Plan e establecer medidas máis concretas e precisas e recordar que na mesa na que se invitou ás asociacións o Partido Popular non estivo invitado e si nos gustaría participar como se participou no I Plan, porque é momento de traballar, centrarnos na sensibilización na concienciación e en definitiva no futuro de todas e todos e queremos traballar codo con codo no tema de igualdade. Consideramos que é completamente fundamental traballar xuntos nesta misión como é a igualdade.



Sr. Rodríguez Canosa: Alégrome de que o Partido Popular vai a votar a favor deste II plan de Igualdade e simplemente remarcar que é un plan realista e ao mesmo tempo ambicioso para Salceda, e recalcar a importancia que dende as administracións públicas temos para implantar medidas para lograr unha igualdade real, dende o Grupo de Movemento Salceda temos o compromiso de intentar desenvolve-lo na súa totalidade.

Sra. Tourón Domínguez: Estou totalmente de acordo co Plan, participamos nesas mesas, en conxunto co Partido Popular na primeira reunión, nas seguintes non asistiu. Recordo que nesa primeira reunión so había dous homes un era Joaquín e outro era Marcos, recordo que se nos pediu a nosa participación, ademais recibimos un correo para que aportáramos todo o que quixeramos, tamén recordo que os dous únicos homes que había nesa reunión marcharon antes de que rematara. Nesa primeira reunión a miña petición foi que quería un plan de igualdade sobre todo realista, estaba un pouca cansada de participar en elaboración de plans de igualdade que despois quedaran no caixón. En canto a unanimidade eu non dubido, Ana Cristina, que apoiedes este tema, é verdade que o voso partido defende a igualdade, pero sempre daquela maneira. A min gustárame no ano 2011, cando Marina Cabaleiro como Concelleira de Benestar Social solicitou á Xunta de Galicia a prórroga do Plan de Igualdade do 2008-2010 a que fixo mención a Sra. Presidenta antes, por falta de orzamento e nesa convocatoria se nos concedese, se tiveramos esa prórroga e ao mellor xa non habería esa brecha salarial que houbo ata de agora. Se solicitou a prórroga e a Xunta de Galicia dixo “non” esas son as políticas da dereita. En canto as palabras que se me dixeron a min e a miña compañeira Marina eu tampouco vo repetilas, condeneinas naquel momento e sego a condenalas hoxe, governe quen governe, un pacto de goberno non leva que eu me desdiga deste tipo de cousas. Por outra banda teño a miña dúbida se o termino “Sra. Presidentas” non é un tipo ton despectivo dependendo do que e como que se diga.

Sra. Presidenta: Quero puntualizar, que todos os grupos políticos fostes igualmente convocados á primeira reunión, nesa reunión falouse dunha mesa que non se realizou, pero o traballo seguiu a diante sendo convocados todos vía e-mail e facendo as aportacións da documentación que se xuntaba sempre que quixerades participar. Houbo quen quixo e houbo quen non, podo entender que nesa primeira reunión falar de mesa levara a confusión, esa mesa non se produciu, e o Plan contemplouse cas aportacións das asociacións e partidos políticos que quixeron participar e que se lles fixeron chegar en todo momento vía e-mail, se non estivestes Joaquín non é porque non se vos comunicara.

En canto á brecha salarial, non sei se tiveches a oportunidade de analizar a diagnose neste Plan, porque a diagnose interna mostra a situación actual na que se cumpre a igualdade. Moitas medidas deste plan están avanzadas, hai unha diagnose interna e unha diagnose social, unha diagnose interna que non só se teñen en conta os salarios



dos traballadores e das traballadoras deste Concello, senón tamén os salarios de políticos e as responsabilidades de cada unha das areas e departamentos, aparece claramente a figura da muller non só na condición de igualdade en canto a brecha salarial senón de representatividade en cargos de dirección.

En canto á medida do PXOM (1.6), cando deseñas un plan xeral tes que ter en conta a planificación urbana, mobilidade, transporte, unha medida sinxela e que coñeces é os horarios de autobuses pola noite, en Vigo teñen unhas paradas determinadas pois incluían parar onde calquera muller o solicitara, esa é unha medida que forma parte dun plan de Igualdade, e cando elaboras un Plan Xeral estableces determinadas zonas lumínicas, estableces determinadas paradas de transporte. O Plan xeral é un documento moi importante en canto a xénero, ben é certo que as medidas poderían ser máis concretas, pero non se pode desenrolar todo o seu contido. Tamén digo que si necesitas máis aclaracións non teño ningún problema en aclarala, incluso coa empresa que nos axudou a redactar o plan.

Vou defender sempre a Marcos, é o meu amigo, compañeiro e me doe persoalmente que se lle acuse de machismo porque eu sei persoalmente como é Marcos, non o vou a tolerar, pero tampouco creo que sexa un motivo de debate neste pleno. Sobre a referencia que fixeches en moitas ocasións ao pasado, repetino moitas veces neste pleno, a ver se somos quen de mirar cara adiante, non me parece de recibo que unha muller, e sei que es unha muller intelixente, preparada, veña a defender un plan de igualdade baseándose en salarios e falando de adxudicacións de empresas a dedo, vasmе permitir que non me parezan os argumentos máis axeitados.

Sr. Núñez Troncoso: Boas Noites, si é certo o que di Verónica que nesa reunión había dous homes, o anterior Alcalde máis eu, pero o que marchou foi o anterior Alcalde eu esperei ata o final. Respecto da mesa, a Sra. Presidenta acaba de dicilo, se ía convocar unha mesa, se lle dixo á xente que ía a participar e aos colectivos que ían a participar nesa mesa, que ao final non se formou tal mesa, ela acaba de confirmalo, pero que se ía a formar unha mesa cuns colectivos e unha serie de persoas iso foi certo e se dixo nesa reunión, polo tanto a este Grupo non se lle invitou a formar parte desa mesa porque se leu textualmente aquí os colectivos e as persoas que ían formar esa mesa nos cales non estaba o Grupo Popular.

Sra. Pérez Cabaleiro: Ao principio do plan, como ben dixen, di que neste últimos anos houbo unha aposta firme pola igualdade, si se refire aos últimos anos eu terei que contestar que estes últimos anos houbo brecha salarial e houbo comentarios que non son acordes nun pleno. Se falamos do pasado eu vou contestar como pasado, e si houbo brecha salarial, e que se critique á Xunta en materia de Igualdade nos últimos anos ten “tela”, houbo axudas directas as vítimas de violencia machista, escolarización inmediata para os fillos de mulleres que sufriron violencia machista, atención psicolóxica ás mulleres vítimas de violencia machista, o programa EMTEGA, subvencións para o emprendemento feminino, que se critique a Xunta de Galicia en

materia de igualdade nos últimos anos, que me fales a min dos comentarios que fai o partido, se temos que analizar os comentarios dos partidos...Mira a sentenza dos ERES que critica e ben criticado, a onde foron os cartos dos parados destinados ao consumo de explotación sexual de mulleres, ou a Sra. Presidenta de O Porriño insultando ao concelleiro do Partido Popular. Simplemente sinalar que queremos traballar codo a codo no plan de igualdade no plan municipal, pero centrado no plan municipal e non indo a partidos hacia arriba ou hacia abaixo.

Verónica Touron: Eu contesteiche un feito da Xunta de Galicia do 2011, que foi que solicitamos a prorroga do Plan de Igualdade 2008-2010 e a Xunta de Galicia contestoulle ao Concello de Salceda “non”, esa é a realidade.

Sra. Presidenta: Dou lectura a proposta, seguinte:

“Elaborado o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023, que ten entre os seus obxectivos dar cumprimento ás obrigas legais dos poderes públicos de adoitar e desprezar os mecanismos axeitados para acadar a Igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e favorecer o pleno exercicio destes dereitos así como o acceso aos mesmos en condicións de Igualdade na vida política, social, económica, cultural, educativa, deportiva e sanitaria.

Visto que, partindo do disposto no artigo 14 da Constitución Española, este II Plan pon de manifesto o compromiso do Concello de Salceda de Caselas coa igualdade, principio polo que se traballa co convencemento de que sen equidade entre mulleres e homes, a democracia está incompleta.

Visto que de conformidade co artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para ese efecto, co resto das Administracións públicas.

En atención ao establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023.

SEGUNDO.- Publicar o contido do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023 na páxina web municipal.”

VOTACIÓN: Polo sra. Sra. Presidenta sométese a votación proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes a sesión, adoptándose os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023.

SEGUNDO.- Publicar o contido do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2020-2023 na páxina web municipal."

Expediente 2851/2019. Aprobación de proxecto de "Mellora e posta en valor do entorno da antiga escola en Vendanova".

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0,

Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. González González: Boas noites, traemos hoxe aquí un proxecto en base aos acordos adoptados nos primeiros plenos de someter os proxectos a aprobación plenaria. Este proxecto xa estaba redactado fai algún tempo pola empresa OTIMA S.L., consta sobre todo da mellora da antiga escola da Vendanova, na encrucillada que comunica Casas e tira para o Alto da Forca e ven para a Esfarrada, esta obra ven a encardinarse nun proxecto máis amplo que é a recuperación da escola para a asociación AFAGA de alzheimer de Galicia e enfermidades neurodexenerativas, que xa esta en execución. Como sabedes a fase I da recuperación desa escola foi polo Plan Concellos 2019, 60.000 euros aproximadamente e vai a ter unha continuidade que vai a ser o seguinte punto da orde do día, a fase II, que se intentará subvencionar a través do IDAE, Instituto de diversificación e aforro enerxético. Nese proxecto de mellora da escola metemos tamén esta obra que é un proxecto máis ambicioso que é a mellora do entorno daquela zona, que empeza na parte de atrás onde era o antigo bar "Balelo" e continua ata diante de onde era o "Salón Estrella", todo ese espazo vai se demolido completamente, tanto calzada como beirarrúas para executar unha obra de mobilidade sustentable que se encadra tamén no PEMUS. O proxecto vai constar de beirarrúas amplas de granito de 6 cm de grosor con unha franxa central de rodadura de formigón, con dúas paradas de autobuses. Para a aprobación deste proxecto xa se solicitaron informes sectoriais, o máis importante da zona era o informe de patrimonio, polos dous petos de ánimas que hai aí, neste informe di unha serie de medidas. O que se pretende con esta obras e que se trata dunha zona periurbana, non está no núcleo urbano da Esfarrapada pero está moi próxima. O plan de mobilidade sustentable abarca ata esa zona porque comunica directamente co centro da vila. Para acceder a este tipo de subvencións que son fondos FEDER, hai que xustificar unha serie de baixas en emisión, en eficiencia enerxética, en aforro de

consumos etc.. todo eso vaise xustificar ao enviar o proxecto, esperemos que o proxecto saia hoxe aprobado de aquí para poder envíalo ao Instituto de diversificación de aforro enerxético

Sr. González Souto: Boas noites, falando do proxecto de Mellora e posta en valor do entorno da antiga escola en Vendanova, este proxecto está informado polo arquitecto contratado, Rubén Martín Vázquez Pérez, danlle o visto bo. Aquí estamos falando dun orzamento base de licitación de 265.787€, aproximadamente 45 millóns das antigas pesetas, nos como grupo facémonos a seguinte pregunta, si realmente este proxecto responde as necesidades e prioridades reais dos veciños de San Xurxo. Creo que levar adiante este proxecto e non ter en conta outras cousas relevantes e máis importantes para o día a día dos veciños é intentar empezar a casa polo tellado. Nós creemos, e escoitando aos veciños, que é bastante máis importe certos proxectos máis simples, o camiño de traída de augas de San Xurxo que é titularidade municipal, onde agora mesmo os veciños están facendo cos bidóns de cloro co carretillo; podemos falar tamén do estado de firme en Casás onde está Xoaniña, que a estrada está moi deteriorada; tamén en Casás no tema de saneamento que levan 8 anos esperando que se lle solucione e xa pagaron a acometida, é tamén seguindo co saneamento no tramo de Outeiro, que tamén con pouca inversión daríase servizo a varias vivendas.

No referente ao proxecto, como nos sucedeu co praza da Devesa, que non compartíamos o deseño por dividir a praza en dúas, aquí sucede o mesmo, creemos que o deseño que se contempla no proxecto non é o adecuado por que estamos falando da fase II. O uso final vai ser para a AFAGA e con persoas con discapacidade mental, eu entendo que unha cousa que se necesita para acceder a este centro sería, por exemplo, unhas prazas para a xente de mobilidade reducida. Aquí, con este proxecto, estades eliminando todas as prazas de aparcamento e non deixades sitio para que a xente poida acceder á escola, nun radio de 100 m non hai unha soa praza de aparcamento cando queredes destinar á escola a persoas que terán que ir acompañadas cos seus familiares e en moitos casos terán con mobilidade reducida. Cun proxecto desta embergadura non tiveses en conta nin unha soa praza de aparcamento para minusválidos? Vos parece que este proxecto é válido así? Poderíamos falar máis de deficiencias como das paradas de autobús, vai ser un tramo periurbano non vos preocuparía o perigo que pode ser nesa zona sen visibilidade un autobús estacionado? Quero dicir, para rematar, creemos que non é un proxecto prioritario para San Xurxo, que hai outras prioridades nas que o Goberno debería dedicar o tempo e despois que non compartimos, como foi no caso da praza da Devesa, o deseño que aquí se plantexa.

Sr. González González: En canto ao aparcamento para as xente discapacitada o con enfermidades neurodexenerativas, o aparcamento vai estar dentro do ámbito do propio edificio, vai estar na parte de detrás, está contemplado onde empeza a actuación, esa zona toda vai ser de aparcamento e acceden polo lateral. Polo tema de

financiamento, mesturaches moitos cousas, este é un proxecto e outros son outros, non quere dicir que sexan excluíntes, de feito vos adianto que a baixada ao depósito de San Xurxo vaise axear nestes días. No tema de financiamento é unha cantidade moi importante para unha actuación moi importante, sempre se nos acusa dende o Partido Popular que non facemos nada nas parroquias, son obras importantes para unha parroquia como é San Xurxo, está é unha obra importantísima e conecta directamente co centro urbano. Non só importante para San Xurxo, é importante para todo o Concello, a financiación si o IDAE nos ten a ben financiar isto, o 80 % son fondos europeos FEDER o 20 % restante tería que poñelos o Concello, xa se buscará a maneira de financiarlo con cargo ao Plan Concellos ou xa se verá.

Sra. Tourón Domínguez: O noso grupo súmase ao proxecto, un pouco o que dixo Miguel, San Xurxo ten un montón de necesidades máis, ten o saneamento que depende da Xunta de Galicia que tampouco da chegada. Isto vai polo IDEA, é eficiencia enerxética, e polo IDAE non podemos meter saneamento aínda que quixeramos. Que se necesitan máis cousas estamos de acordo, pero para cada tipo de fondos hai uns proxectos e si os queremos aproveitar temos que adecuar os proxectos aos fondos que nos dan.

Sr. González Souto: En referencia ao aparcamento que mencionas, de cantas prazas estamos falando? con respecto á financiamento refírome á hora de facer proxectos, facer inversións ou dedicar o tempo a xestionar, refírome que pode dedicar o tempo a xestionar máis cousas prioritarias, entendo que a financiación por unha parte podería vir do FEDER e parte do Concello, pero refírome a que hai certas actuacións que requiren máis urxencias que outras. Con respecto ao saneamento estades a dicir que o saneamento de Casás depende da Xunta de Galicia? E o de Outeiro tampouco?, sempre imos a estamentos superiores, non nos centramos Concello.

Sra. Tourón Domínguez: O saneamento non entra dentro dun proxecto de eficiencia enerxética ou mobilidade d os fondos IDAE, non os pedimos e os perdemos ou facemos proxectos que se adecúen para poder pedir o financiamento? O saneamento non entra aí.

Alcadesa. Este proxecto si que se consultou cos veciños, sobre todo con algúns veciños/as daquel espazo da zona na lexislatura anterior, e recalcar o que dixeron os compañeiros, é unha liña de axudas do IDAE e cal é o obxecto desta axudas? pois incentivar e promover a realización de actuacións por parte dos municipios que reduzan emisións de dióxido de carbono, que redunden no aforro de enerxía, da mobilidade urbana sostible e do uso de enerxías renovables. Creo que se está a mesturar a necesidade do camiño da traída, o saneamento de Casás, cunha liña de axudas totalmente diferentes. Iso non quere dicir que non teñamos outros proxectos para a parroquia ou que non se estea traballando nos que precisamente acabas de comentar. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obras “Proxecto de mellora e posta en valor do entorno da antiga Escola En Vendanova”, redactado por Santiago N. López Fontán, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos colexiado nº16856 e Ignacio Teijeiro Calvo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos colexiado nº20513, de data marzo de 2018, cun orzamento base de licitación de 265,787.39 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 46,128.39 € euros, e o presuposto sen IVE a 219,659.00 €.

Visto o informe técnico num. 2019-0083 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2019-0028 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras “Proxecto de mellora e posta en valor do entorno da antiga Escola En Vendanova”, redactado por Santiago N. López Fontán, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos colexiado nº16856 e Ignacio Teijeiro Calvo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos colexiado nº20513, de data marzo de 2018, cun orzamento base de licitación de 265,787.39 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 46,128.39 € euros, e o presuposto sen IVE a 219,659.00 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE VOTOS A FAVOR do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e co voto de calidade da Sra. Presidenta, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras “Proxecto de mellora e posta en valor do entorno da antiga Escola En Vendanova”, redactado por Santiago N. López Fontán, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Colexiado nº16856 e Ignacio Teijeiro Calvo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Colexiado nº20513, de data marzo de 2018, cun orzamento base de licitación de 265,787.39 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 46,128.39 € euros, e o presuposto sen IVE a 219,659.00 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 3129/2019. Aprobación de proxecto de “Rehabilitación integral da antiga casa - escola de Vendanova fase II: melloras da eficiencia enerxética e instalación dun elevador”.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Tourón Domínguez: Como xa falamos no punto anterior, estase reformando a antiga escola da Vendanova a planta baixa contemplouse na fase I, o queremos facer agora a través desta fase II é a planta da arriba, elevador hidráulico e todos os temas relacionados tanto co illamento coma coa accesibilidade desa escola. Ten un orzamento de 87.257 euros IVE incluído, creemos que é súper necesario para rematar esa obra, igual que o proxecto anterior, tratamos de encauzalo polos fondos do IDAE, o traemos aquí para xa estar previstos e que teñamos os proxectos aprobados para cando corresponda envíalos. Trátase de illar e de marcar accesibilidade, e como dicía antes Miguel, únese co aparcamento da parte de atrás. Recordar tamén que alí xa non hai aparcamento neste momento, non é que quitemos nos aparcamento dun lado ou doutro, me refiro á parte central da estrada, dun lado está a parada do autobús e do outro lado non se pode aparcarse. Realmente prazas de aparcamento unicamente nas dúas vías que van a escola que se utiliza agora ou a que vai a Xoaniña, o que é no fronte non hai.

Sr. González Souto: Este obra é unha continuación da fase I, neste caso está informada positivamente polo arquitecto técnico municipal, Alfonso Veloso Troncoso, é o proxecto está redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez. Resúltame curioso a figura deste profesional, do que redacta o proxecto no caso da mellora da eficiencia enerxética da escola, esta persoa factura como arquitecto municipal e informa proxectos, factura e redacta proxectos para o Concello onde exerce como arquitecto municipal, incluso en algunhas das obras que se realizou coma a humanización da R/ Rafael Tilve, incluso como dirección facultativa, non vou falar eu de incompatibilidades ou código deontolóxico pero resulta moi curioso que teñamos case tres figuras nunha mesma persoa, simplemente é por curiosidade e como exposición por parte deste grupo. Facendo referencia ao que dicía Verónica,

estamos de acordo co proxecto que é complementario, pon en valor un edificio público evitando o seu deterioro e abandono, desta forma pomos instalacións ao servizo de asociacións e dos veciños e coa incorporación do ascensor dotámolo de moita accesibilidade para as planta superiores. Dado o uso que o goberno pretende darlle, recordar que o Partido Popular tamén no seu programa electoral levaba a posta en valor destes inmobles, que estaban ata o de agora abandonados e é unha pena que caíran en desuso. Pola nosa parte o voto vai a ser a favor.

Sra. Tourón Domínguez: En canto ás figuras, aquí hai un proxecto de Rubén e un informe doutro profesional que é o que valora a obra, non está a figura repetida, no que se refire a este proxecto.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende Movemento Salceda estamos a favor deste proxecto que como acordamos ao principio de mandato de traer os proxectos a sesión plenaria para a súa aprobación, imos traendo os proxectos. Está é a fase II do proxecto que xa se comezou no anterior mandato, estamos a favor das cousas que se comecen que se terminen canto antes e poder ofrecer ese servizo.

Sra. Presidenta: Da lectura a proposta seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Rehabilitación integral da antiga casa - escola de Vendanova fase II: melloras da eficiencia enerxética e instalación dun elevador”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 11.12.2019, cun orzamento base de licitación de 87.257,37€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.143,84 € euros, e o presuposto sen IVE a 72.113,53 €.

Visto o informe de Secretaría núm. 2019-0029 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o informe técnico num. 2019-0268 emitido polo arquitecto técnico sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras de “Rehabilitación integral da antiga casa - escola de Vendanova fase II: melloras da eficiencia enerxética e instalación dun elevador”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 11.12.2019, cun orzamento base de licitación de 87.257,37€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.143,84 € euros, e o presuposto sen IVE a 72.113,53 €.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Polo sra. Sra. Presidenta sométese a votación proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes a sesión, adoptándose os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras de “Rehabilitación integral da antiga casa - escola de Vendanova fase II: melloras da eficiencia enerxética e instalación dun elevador”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 11.12.2019, cun orzamento base de licitación de 87.257,37€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.143,84 € euros, e o presuposto sen IVE a 72.113,53 €.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Moción presentada polos Grupos Municipais Movemento Salceda e PSdeG-PSOE para o seu debate e aprobación no Pleno Ordinario do 19 de decembro de 2019.

Sra. Presidenta: Presentamos unha moción, por vía de urxencia, en conxunto os Grupos Municipais Movemento Salceda e PSdeG-POSE, seguinte:

MOCIÓN POLA DEFENSA DOS SERVICIOS DO HOSPITAL COMARCAL DE VERIN (2019-E-RPLN-8):

VOTACIÓN URXENCIA. Polo sra. Sra. Presidenta sométese a votación a urxencia da moción , esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes a sesión, pasando a tratar dita moción:

Angela Ledo: Dou lectura a moción, seguinte:

“MOCIÓN DOS GRUPO MUNICIPAIS DE MOVEMENTO SALCEDA E PSdeG-PSOE POLA DEFENSA DOS SERVIZOS DO HOSPITAL COMARCAL DE VERÍN

As concelleiras e concelleiros dos grupos municipais de Movemento Salceda e PSdeG PSOE, ao amparo do disposto no Regulamento Orgánico Muni-

pal do Concello de Salceda de Caselas e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, someten á consideración do Pleno da Corporación do Concello de Salceda de Caselas para o seu debate e aprobación a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A axeitada asistencia sanitaria é un servizo esencial que debe defenderse para que á veciñanza, tanto no rural ourensán, como en Salceda de Caselas, ou como en todos os recunchos do país, selle garanta a mesma atención tanto nos pobos, vilas como nas cidades. En Salceda de Caselas, ao igual que no resto de Concellos estamos a vivir situacións moi delicadas con listas de agarda cercanas a un mes para unha cita de atención primaria e axendas saturadas con máis de 40 pacientes por día para cada profesional, pola falta de máis persoal que poida cubrir as necesidades específicas do noso municipio.

Félix Rubial, Xerente da EOXI de Ourense, anunciaba ao persoal do Hospital Comarcal de Verín o 22 de novembro de 2019 que, a data de 1 de decembro, se pechaba a unidade de partos deste centro. Así, o hospital de referencia para o parto das mulleres da comarca pasa a ser o de Ourense, mínimo a 70 quilómetros de distancia, dependendo do concello de residencia.

Alén doutras consideracións, o peche do paritorio supón indirectamente a perda da calidade asistencial nun momento tan delicado para nai e crianza como é o de parir, momento no que ambos poñen en risco as súas vidas. O Xerente da EOXI, Félix Rubial, o xefe de xinecoloxía do CHUO, José Luís Doval e o xefe de pediatría, Santiago Fernández Cebrián, sinalaron a necesidade do peche do servizo de paritorio para "velar pola seguridade e garantía asistencial das futuras nais e os bebés" e a supresión das urxencias pediátricas, amparándose en razóns non contrastadas e que suporán o traslado a outros hospitais do persoal que atende o paritorio, cando non existe ningún documento nin evidencia científica que avale o peche dun servizo tal e como propoñen. Tampouco é de recibo a supresión e non cobertura da praza de pediatría que impide o acompañamento das nais no momento do parto ata Ourense, posto que non hai agora mesmo persoal pediátrico que nunha situación de emerxencia poida acompañar as crianzas nin ás súas nais.

Esta decisión de peche de servizos en comarcas rurais vai no senso contrario do equilibrio territorial e da blindaxe dos dereitos socio-sanitarios da poboación galega, viva ande viva. Tendo medios e tendo excelentes profesionais sanitarias, esta decisión só se entende cunha mentalidade de

aforro de recursos sanitarios e concentración dos mesmos nos hospitais das cidades, seguindo a liña da Xunta nos últimos anos, que suprimiu as áreas sanitarias -como a de Verín-.

Por todo o exposto anteriormente, os grupos municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE propoñen ao Pleno do concello de Salceda de Caselas a aprobación dos seguintes acordos:

- *Instar á Xunta de Galicia a promover que a Consellería de Sanidade dote, manteña e mellare os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente dos servizos de paritorio, así como a actividade asistencial relacionada co embarazo, pre e post-parto.*

- *Instar á Xunta de Galicia a manter ás profesionais vinculadas á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermería obstétrico-xinecolóxica e enfermería pediátricas, así como de profesionais da medicina pediátrica.*

- *Instar á Xunta de Galicia a dotar dunha quinta persoa para o servizo de atención primaria, así como dunha segunda persoa no servizo de pediatría en Salceda de Caselas.*

- *Dar traslado á Xunta de Galicia destes acordos.”*

Sra. Pérez Cabaleiro: Resultounos ao noso grupo un pouco estraño esta moción para un pleno do Concello de Salceda de Caselas, ademais, partindo dunha decisión médica con respecto ao paritorio de Verín unha cesión de peche provisional, iso é o que nos ten que quedar a todos bastante claro. Todos somos conscientes que nun parto para que no corra risco a vida dunha nai precísanse xinecólogos e matronas e no hospital comarcal de Verín hainos, nisto estamos todos de acordo. Para que non corra risco a vida dun bebé necesítanse pediatras e todos os grupos tamén estamos de acordo que no hospital comarcal de Verín non os hai. Un problema en Galicia e extensible ao resto de España. O problema é que non hai pediatras, non contamos con pediatras, polo tanto non sei se considerades que é viable que as mulleres da área de Verín dean a luz nese hospital con xinecólogos e matronas pero sen pediatras ou é mellor advertirlles que, mentres non haxa pediatras, no hospital comarcal de Verín hai risco máis que evidente para a saúde deses bebés no parto, de aí a decisión de suspender, repito provisionalmente, os partos no hospital comarcal de Verín e trasladados provisionalmente ao hospital de Ourense mentres non haxa pediatra. No momento no que se volva a ter pediatras se recuperarán eses partos no paritorio de Verín, é unha decisión médica, creo que niso estamos todos de acordo como ben nomeades na moción, e non é unha decisión política como intentades poñer aquí. Seguindo a liña da Xunta nos últimos anos. Creo que hai decisións políticas que non é

o caso e logo hai decisións que se politizan como intentades facer neste caso co paritorio de Verín, creo que é necesario facer mocións para defender ao persoal dentro do propio Concello, hai que loitar por unha praza de policía local, polos traballadores en xeral e non meternos en decisión médicas e non políticas.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende o Grupo Municipal de Movemento Salceda que presentamos esta moción acompañados co PSdeG-PSOE, quería facer un apuntamento que vai en relación ao que dixo Ana Cristina. Si que é unha decisión política, os recortes en sanidade si son unha cesión política, Ana Cristina falaba de que non hai pediatras, é curiosa a última ocorrencia do presidente Sr. Feijoo que dixo que ía a abrir o paritorio as 24 horas despois de conseguir pediatras, pois ben a última oferta pública de emprego do SERGAS, que curiosamente é do ano 2016, na que se adjudicaron 9 prazas de pediatría, para esa oferta de emprego había 121 aspirantes, polo tanto pediatras si que hai. Outra cifra importante é que esa oferta de emprego publicouse no DOGA o 7 de marzo de 2016 e a resolución foi o 2 de xaneiro de 2019, 34 meses para resolver unha oferta pública de emprego, repito na que saíron nove prazas de pediatría para as que había 121 aspirantes. No ano 2017 non houbo oferta pública de emprego para pediatría, no ano 2018 vinte sete prazas e na de 2019 seis prazas. Curiosamente a oferta pública de emprego de 2018 e 2019 aínda non deu comezo, polo tanto si hai vontade política de dotar de pediatras tanto o hospital comarcal de Verín como o Centro de Saúde de Salceda sí que se pode facer o que pasa é que hai que querer. Un último apuntamento, o pasado 12 de decembro tras as protestas de toda a contorna de Verín polo peche do servizo de paritorio, o SERGAS saca un concurso de méritos, que non é unha oposición, para dúas prazas temporais para a área de Ourense, polo tanto, creemos que en vez de sacar prazas temporais deberían facer efectivas esas ofertas públicas de emprego para 2018-2019 e dotar pediatras tanto a Verín como a Salceda de Caselas. Esperemos que o prometido de dotar a Salceda de un segundo pediatra e dun quinto médico de medicina xeral cando o novo centro médico estea activo sexa certo.

Sra. Ledo Souto: Utilizando o mesmo argumento que se utilizou en Verín que foi política a decisión está claro, utilizando ese mesmo argumento médico, poderíanse cerrar o resto de hospitais comarcais de Galicia, os paritorios.

Sra. Pérez Cabaleiro: Onde hai un paritorio onde haxa xinecólogo e matronas e non haxa pediatras? De verdade creedes que os informes médicos non ían a pechar ese tipo de paritorios? Queredes poñer en risco a vida da nai non porque hai xinecólogos e matronas, pero as dos bebés? Son cesións medicas, non cesión políticas. Non intentemos politizar as cesións que non dependen da política.

Sra. Presidenta: Salceda ten unha visión global e traballaba localmente, a este pleno sempre viñeron e seguiran vindo mocións que defendan cuestións políticas que nós consideramos que teñan que vir, o fixo o Grupo socialista, o Grupo MS e o PP. De feito, pensei que íamos a chegar tarde con esta moción a pleno, porque todo a apunta

a que Feijoo vai recuar. Agora aparecen prazas, se convocan prazas de maneira extraordinaria urxente, crin que non íamos a chegar. A este pleno, repito, van vir mocións que defendan intereses dos galegos e das galegas, Salceda ten unha visión global aínda que traballemos localmente. Dou lectura aos ao acordo a adoptar.

VOTACIÓN: Polo sra. Sra. Presidenta sométese a votación proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes a sesión, adoptándose os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a promover que a Consellería de Sanidade dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente dos servizos de paritorio, así como a actividade asistencial relacionada co embarazo, pre e post-parto.

SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia a manter ás profesionais vinculadas á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermería obstétrico-xinecolóxica e enfermería pediátricas, así como de profesionais da medicina pediátrica.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a dotar dunha quinta persoa para o servizo de atención primaria, así como dunha segunda persoa no servizo de pediatría en Salceda de Caselas.

CUARTO: Dar traslado á Xunta de Galicia destes acordos.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o nº 2019-1025 de 22 de outubro ata o nº 2019-1244 de 13 de decembro.

Queda dada conta do decretos dictados pola Alcaldía dende o número 201-1025 de 22 de outubro ata o número 2019-1244 de 13 de decembro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila.



1º ROGO.- Instar ao Goberno Municipal a que teña a ben, a que despois de que este grupo dera tempo máis que suficiente, despois de varias rectificacións pero insuficientes, mellore a marquesiña da Devesa para que non chova dentro dela tal como está a facer. Da pena ver aos veciños ao lado dela ou dentro dela cos paraugas estes días. É triste ver esa marquesiña que pode ser esteticamente moi bonita pero que funcionalmente é un desastre e moi mellorable. Polo tanto este grupo roga ao Goberno a mellora desa marquesiña.

2º ROGO.- Insta ao Goberno a que dea cumprimento as ducias de rogos que levamos presentados ata o día de hoxe, non son atendidos por parte do Goberno, polo tanto esas necesidades dos veciños que trasladamos a través dos rogos seguen sen ser resoltas nas diferentes parroquias e tamén no casco urbano.

3º ROGO.- Se incorpore á páxina web do Concello o inventario de bens municipais, xa solicitado no pleno de agosto e que a día de hoxe está sen incorporar.

4º ROGO. Posta en funcionamento do portal de transparencia do Concello, o Goberno que alardea da mesma creo que é bo que o empece a polo en funcionamento.

5º ROGO. Por segunda vez, que se asfalte canto antes o camiño que vai dende a Presa ao cruce dos Sete camiños, porque é moi bonito empezar as obras antes das eleccións para intentar arañar os votos e logo seis meses despois está en estado total de abandono.

6º ROGO. Que non se recepcione a obra da rúa da Gándara tal como está executada, por moitos motivos, pero o máis clamoroso é o paso da ponte ao lado do antigo matadoiro. Rogamos dende este Grupo que o Concello non recepcione esa obra mentras a Deputación non modifique ese paso de vehículos tal é como quedou, e por suposto de todas aquelas melloras necesarias que xa vemos como quedou esa obra, tan so hai que dar unha volta por alí e ver xa algunhas beirarrúas ou algún adoquíns que se están afundindo. Polo tanto, rogamus que por parte do Concello se mande alí aos técnicos e se faga un informe e se está de acordo e como quedou rematada a obra, se está de acordo en como quedou rematada esa ponte e se vai recepcionar a obra tal como está executada. Se a recepcionamos vai ser un tramo municipal e polo tanto a partir dese momento o Concello vai ter que asumir todas as melloras de mantemento e modificados que haxa do mesmo. Creo que é un tema moi importante e creo que deberiades reflexionar se estades de acordo ou non en recepcionar así a obra.

7º ROGO: Rogamos que se dea traballo ás empresas do noso Concello, obras pequenas de mantemento que vemos nos últimos días, que as están facendo empresas de fora e aquí se lles está negando a posibilidade a pequenas empresas ou autónomos a executar obras de mantemento ou de pequenas reparacións.

Pregunta:

Preguntas presentadas polo Partido Popular:

1. Van amosar @s veciñ@s o documento que asinaron Movemento Salceda e PSOE denominado "pacto de goberno?"

Sra. Tourón Domínguez: Vou responder por segunda vez, é un documento interno entre dous partidos, e dende o Concello non pensamos poñelo ao público. Si é verdade que en notas de empresa xa saíron a maioría ou todos os puntos base de traballo diso, en entrevistas tanto á Sra. Presidenta coma a min xa se deron a coñecer moitas partes dese pacto, entre eles o PXOM, o Cerquido, os regulamentos que levamos traído aquí, convenio e RPT dos traballadores, etc...Se irán levando a cabo e os documentos internos de dous partidos son documentos internos.

2. Participa o tecido comercial, empresarial e asociativo no alumeado do nadal?

Verónica Tourón. Si participa, o que son as dúas asociacións non o comercio individualmente. As dúas asociacións, ACISA e a Asociación de Comerciantes de Tabernanova, aos que si se asesorou para que pidiran unha subvención a través de FIGURSA.

3. Vai manter o goberno o servizo, prestación e publicidade que ten ca empresa que realiza vídeos, xestiona as redes sociais... e que lle custan o Concello máis de 1.500 € ao mes?

Sra. Presidenta: De momento si se vai a manter este servizo que consideramos fundamental para que a veciñanza saiba onde invertimos os seus impostos, que obras se están realizando, que servizos teñen a súa disposición, parécenos a nos dende o Concello que é un exercicio de transparencia, e repito, de momento si imos manter este servizo que tan boa acollida ten pola veciñanza.

4. Que obras, servizos... vai solicitar o goberno na convocatoria do Plan Concellos da Deputación Provincial, para o ano 2020?

Sra. Presidenta: Aínda hoxe chegou a resolución da Deputación onde nos dicía o importe de cada unha de liñas, liña 1 de investimentos, a liña 2 e a liña 3. Temos que sentarnos, temos moitos proxectos elaborados sobre mesa, coñecemos as necesidades de cada unha das parroquias, temos claro que moitas delas viñan recollidas nos nosos programas políticos e será cuestión de por sobre a mesa todas aquelas necesidades que a veciñanza nos ven trasladando para a toma de decisións. Repito, aínda chegou hoxe o documento da Deputación onde falaban do importe e das tres liñas ás que dedican o diñeiro.

5. Van convocar a praza de Oficial de Policía?

Sra. Presidenta: Non so imos convocar a praza de policía, senón que irá parella a do Tesoureiro habilitado.

6. Por qué o goberno consentiu que a empresa que instalou o chan do parque infantil na entrada do Auditorio Municipal o realizase nun festivo, impedindo o descanso d@s veciñ@, e indo en contra do documento que asumiu o grupo de goberno, no tocante a condicións, dereitos, etc...dos traballadores das empresas que traballasen para o Concello? ¿Por qué agora si, e cando se construía a ampliación do CEP Altamira, puxeron o grito no ceo cando traballaban algún festivo para poder rematar canto antes esa edificación educativa?

Sr. González González: Esta empresa que estaba traballando no parque infantil aquí detrás do Concello, como todas as empresas fai as súas previsións en base ao tempo que vai facer, e o tempo foi bastante malo. O caucho vai cunhas resinas e ten que estar o solo seco para que poida pegar, había un día seco que ía a ser ese festivo, pedíronnos permiso para poder traballar ese día, empezaron moi cedo, falon cos seus empregados e todos estaban de acordo que tiña que ser ese día pois o día seguinte xa viña a chuvia. Non creo que molestaran a moita xente pois o ruído que se fai non é demasiado, non hai que picar no chan nin nada.

7. Van a sacar a licitación pública servizos municipais, tales como o servizo de limpeza de rúas, edificios e instalación municipais? De ser afirmativo, ¿van acompañar a todas as empresas por todos os edificios e instalación municipais explicándolle o servizo que se presta na actualidade?

Sr. González Coto: Si, e por suposto que se van a tratar a todas as empresas por igual.

Sr. Núñez Troncoso: Quería facer unas preguntas.

Sra. Presidenta: Son sete preguntas as que recolle o regulamento orgánico municipal aprobado recentemente, non se poden facer máis.

Sr. Rodríguez Davila: Aquí o que acaba de suceder é que a interpretación que fai o Goberno sobre o Regulamento que aprobou o Goberno, por iso é o Regulamento do Goberno, por iso cando votamos en contra o dixemos ben claro, que é o Regulamento do Goberno e non deste Grupo da oposición maioritario na corporación. É o Regulamento do Goberno porque xa queda de manifesto a imposibilidade deste grupo de seguir facendo preguntas ao goberno. O que teño que dicir no día de hoxe é que é triste que aqueles que presumen da participación, da transparencia, etc. impidan libremente a estes seis concelleiros formular preguntas directas no pleno municipal e que se nos impida dar traslado de propostas ou queixas dos veciños ou

dos nosos propios compañeiros. Iso é o que vostedes están facendo no día de hoxe, impedir a labor deste grupo respecto das preguntas, das mocións e dos rogos que consideremos traer a cada sesión plenaria, porque en algún pleno podemos traer 20 preguntas e noutros cinco, noutros ningunha moción e noutros tres ou dúas, pero vostedes están impedindo e limitando esa posibilidade. É lamentable que suceda o que esta pasando neste pleno, o impedimento de facer preguntas ao goberno, a primeira vez en 40 anos de democracia.

Sra. Presidenta: Tampouco che parecía ben o numero de mocións e resulta que para este pleno non traedes ningunha. O Regulamento aprobouse para o seu cumprimento, o seu debate xa se produciu por dúas veces en sesión plenaria, me parece un pouco lamentable que aproveites o teu tempo para reincidir en algo que xa está decidido, o respecto institucional tamén pasa por facerlle caso ao regulamento.

Santiago Rodríguez: Non vai ser vostede quen diga o que nos teñamos que facer, dicir ou que traer ao pleno. Imos a reiterar as veces que nos veña en gana o que sucedeu neste pleno respecto do regulamento. Dixen no pleno no que se aprobou o regulamento dúas cousas primeiro que é o regulamento do Goberno e en segundo lugar que como bos demócratas, e aquí se demostra estando na oposición despois de gañar as eleccións, por suposto que acatamos o regulamento, agora ben, a interpretación do mesmo que se fai del é torticera e imos a estudar un recurso ao respecto da interpretación que fan vostedes do tema das preguntas en cuestión. Remato dicindo que é a primeira vez na historia en 40 anos de democracia que sucede o que está pasando neste pleno, limitando a este grupo ou a calquera grupo do futuro poder pedir ou facer as preguntas que considere oportunas ao goberno, en democracia, lamentable.

Dito isto, como todos os anos facemos, desexamos a todos os veciños salcedenses unha boas festas e que este ano 2020 en moitos aspectos sexan mellor que este ano 2019 que esperemos rematar todos do mellor xeito posible e que aquilo que anhelamos todos para o ano 2020 se cumpra e que cada unha de nós vexa colmadas as expectativas no persoal e tamén no familiar.

Sra. Tourón Domínguez: Súmome a felicitación, que teñan unas boas festas toda a veciñanza e bo nadal, e que o ano que ven esteamos aquí felicitando outra vez neste bo tono e non no que acabamos de escoitar.

Sra. Presidenta: Para pechar, eu son moi de nadal, pero non só me gusta desexarvos o mellor no nadal, sodes os meus veciños e veciñas e deséxovos o mellor durante todo o ano e para todo o ano, por un 2020 excelente para todos e bo nadal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

